


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

5-6 de abril do 2025

V SEMANA DO TEMPO DA CORESMA



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ *Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Xa chegamos ao último domingo da Coresma. Recorremos este camiño acompañados de Dona Coresma que nos foi indicando actitudes que sobran e que hai que arrincar, e fomos tamén atopando como remendar a vida para facelo mellor.

Hoxe, no Evanxeo, Xesús atópase co sufrimento dunha muller condenada pola multitude. As veces tamén nós deixámonos levar polas aparencias e xulgamos, criticamos e condenamos. Xesús fai recapacitar, e mostra que todos temos algo no noso interior do que avergonzarnos antes que xulgar aos demais.

Deus sempre dá novas oportunidades e nos acolle coma fillos alentándonos a recoñecer os propios erros.

Xesús fronte ás críticas e condenas á lixeira propón camiños de igualdade e respecto ensinándonos a poñerse no lugar do outro antes de xulgar.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Imos pedirlle a Deus Pai que teña misericordia cos nosos erros, pois dámonos conta que moitas veces xulgamos e condenamos aos demais, e non temos en conta que nós mesmos temos moito do que pedir perdón. Xuntos rezámoslle:*

Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós, irmáns, pois teño pecado moito de pensamento, de palabra, de obra e de omisión; pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa, por iso lle pido á benaventurada Virxe María e a todos os anxos e santos do ceo, e a vós tamén, irmáns, que rogedes por min a Deus, noso Pai.

Celebrante: *Deus Pai ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, de todos os que sofren e non atopan nin respecto, nin comprensión, nin paz. A todos, o Señor, nos concede o perdón e confiamos nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo hoxe doídos co pouco ou nada que vale a vida nas terras de Palestina, a mesma na que viviu Xesús a súa Pascua.*

(Silenzio)

Celebrante:

Pai Bo, acudimos a Ti coa dor de saber que temos pecado contra Ti, e coa alegría de saber que, mesmo así, nos amas; concédenos experimentar sempre a túa misericordia.

Acóllenos por enriba de todas esas acusacións, críticas, murmuracións e condenas que moitas veces facemos sen tan sequera mirar primeiro para nós mesmos.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *San Paulo conta coma el mesmo ten que seguir a esforzarse para chegar á meta: esquece o que xa pasou e segue cara adiante para atoparse con Cristo.*

O que vemos no Evanxeo de hoxe e o que di Xesús é un bo motivo para confirmarnos na nosa intención de mellorar as nosas actitudes cos demais, e en especial coas mulleres maltratadas, acusadas sen motivo, e que sofren violencia de xénero, tantas veces en silencio e sen unha man amiga á súa beira.

Leccionario I-C páx 74 **Flp 3, 8-14** LECTURA

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS FILIPENSES

Irmáns e irmás:

Todo me parece perda comparado co grande que é coñecer a Cristo Xesús, o meu Señor. Por El tirei con todo e doulle tanto valor coma ao lixo con tal de gañar a Cristo e de vivir nel; non por ter unha xustiza miña propia por cumprir a Lei, senón pola xustiza que se recibe coma resposta á fe.

Así podereino coñecer a El, experimentar a forza da súa resurrección e solidarizarme cos seus sufrimentos, reproducindo en min a súa morte, para ver de chegar eu tamén á resurrección dos mortos.

Non é que eu xa chegase á meta nin que xa teña chegado á perfección. Non. Eu aínda vou correndo, a ver se a alcanzo, xa que tamén eu fun alcanzado por Cristo Xesús. Irmáns, eu non boto de conta que a teña alcanzado. Velaí o único que fago: esquezo o que quedou atrás, lánzome cara ao que está diante, bulo para pillar o premio ao que Deus desde arriba nos convoca en Cristo Xesús.

Palabra do Señor

🎵 *nº 7 Andarei na presenza do Señor* **SALMO**

(en pé) *Leccionario I C pág 75 Xn 8, 1-11 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela Xesús saíu para o Monte das Oliveiras. Pero á alborada, presentouse outra vez no templo e toda a xente veu onda el; el sentouse e empezou a ensinar.

Os escribas e fariseos trouxéronlle unha muller sorprendida en adulterio; puxérona no medio e medio e preguntáronlle:

- Mestre, a esta muller collérona en flagrante adulterio. Moisés, na Lei, mandounos apedrar a esta xente. Ti que dis?

Preguntábanllo á mala fe para teren así de que o acusar. Pero Xesús, abaixado, escribía co dedo na terra. Como lle seguían preguntando, ergueuse e díxolles:

- Quen de entre vós non teña pecado, que lle tire a primeira pedra.

E, abaixándose outra vez, escribía na terra. Pero eles, ao que o escoitaron, foron liscando un a un, comezando polos máis vellos. Quedou el só coa muller, que seguía no medio. Ergueuse entón e preguntoulle:

- Muller, onde van? Ninguén te condenou?

Ela respondeulle:

- Ninguén, Señor.

Díxolle Xesús:

- Tampouco eu te condeno: vaite e desde agora non peques máis.

Palabra do Señor

(sentad@s)

gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Que nos propomos nesta quinta semana da Coresma con “dona coresma”?

Con ela seguimos descubrindo que hai cousas que necesitamos arrincar na nosa vida, porque non todo vale.

Co ela xa temos arrincado o afán de ter e competir para ser máis que os demais, tamén temos arrincado o desexo de vivir cómodos a costa dos outros, tamén temos arrincado as rutinas e o vivir simplemente deixándonos ir, e tamén temos arrincado as intolerancias con quen pensa, vive e cre diferente. Tamén temos cosido o remendo do compartir, o de implicarse dando unha man, o de dar froito, e o da acollida e o agarimo.

Hoxe arrincámoslle á nosa coresma esta perna. (Arrincamos a perna da 5ª coresma). É a perna do xulgar, condenar e maltratar a tantas e tantas mulleres só por ser muller.

Porqué esta perna?, porque no evanxeo Xesús non participa da condena pública que os seus veciños queren facer cunha muller. O fácil é xulgarla e condenala culpable, o difícil é poñerse no lugar dela, e tratala con dignidade e igualdade.

Ao arrincar esta perna descubrimos unha maneira nova de vivir (collemos o “remendo” que está na perna que lle arrincamos, colgamos a perna na pinza, e pegamos o remendo no mandil da vella). Acabamos de coser na saia da dona coresma a actitude da EMPATÍA, DIGNIDADE e IGUALDADE.



Temos arrincado algo que nos sobra: a facilidade coa que condenamos e xulgamos e temos cosido un novo remendo, porque mellor irá a vida se a cosemos con EMPATÍA, DIGNIDADE e IGUALDADE.

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial melloramos a vida sendo acolledores con todos e mostrando agarimo polas persoas coas que tratamos cada día, por iso agora compartimos un mesmo credo. Dicimos

SI CREEMOS

Monitor/a:

Credes en Deus, Pai e Nai,
que cada día nos dá unha nova oportunidade,
porque acolle e ama, porque perdoo e espera sempre?

SI CREEMOS

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,
que nos descubre a salvación
como festa de encontro e perdón?

SI CREEMOS

Credes no Espírito Santo,
que nos alenta para valorar a dignidade
e a igualdade de todas as persoas,
máis alá de si se é muller ou home?.

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,
comunidade que non pode calar
o maltrato de todas as vidas
que non valen nada nas terras de Palestina
pois se calamos somos cómplices?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos pola fe que compartimos acudimos ao Pai, pero non para criticar, xulgar e condenar, senón para medrar en empatía con que é inxustamente tratado. Credo na dignidade e na igualdade de mulleres e homes rezamos dicindo*
PAI, PÓMONOS NAS TÚAS MANS

Monitor/a:

- ✓ Pola Igrexa, por cada parroquia, por OS COTOS, por cada cristián, para que vivamos a coresma como tempo de remendar con IGUALDADE, fuxindo das condenas fáciles. Oremos
- ✓ Polas xentes e os pobos que o están pasando escandalosamente mal, feridos nunha violencia terrible que nos ofende e que non podemos entender. Oremos
- ✓ Polas persoas que a sociedade exclúe e marxina, amparándose en leis e tradicións que escravizan. Oremos
- ✓ Polas mulleres que son maltratadas e sofren violencia de xénero, tantas veces en silencio e sen unha man amiga e acolledora que as axude a denunciar e a erguer a súa vida. Oremos
- ✓ Por nós, que nestes días, da man de dona coresma queremos chegar á Pascua facéndoo mellor na vida coa EMPATÍA e a IGUALDADE. Oremos

Celebrante: *Señor noso Pai, dános unha man porque precisamos de Ti, como precisou de Xesús a muller do evanxeo de hoxe, Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Ninguén está libre de pecado, por iso precisamos que Deus nos perdoe, pero tamén nós temos que perdoar sen excluír a ninguén. De non ser así, estaremos enganando cando rezamos o “Noso Pai”. Recemos con sinceridade:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Vaite en paz, dille Xesús á muller do evanxeo. Sexamos nós portadores desa mesma paz e pidámola para todos os que hoxe están a sufrir a inxustiza da violencia sen sentido. Tócanos aprender de Cristo: erguer a quen está tirado e afundido, sen importar se é muller ou home. Sexamos valentes para ofrecer unha man de paz facendo ben sen importar a quen.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: Participar nesta celebración de hoxe é a mostra de que o Pai quere de nós **EMPATÍA, DIGNIDADE e IGUALDADE**.

Ditosos nós por facer camiño de coresma e compartir coma comunidade este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **Quen nos vai separar de Ti**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Señor, ti que alumeas o corazón de todos para que descubramos os camiños do teu fogar, alenta o noso corazón e a nosa vida para sermos comunidade que vive na actitude da reconciliación.

Axúdanos Pai a aprender de Xesús, El nin xulga nin condena, El ofrece a súa man para erguer a quen se sente tirado e afundido. Axúdanos a facelo ben, como ben o fai Xesús coa muller do Evanxeo de hoxe. Pedímoscho a Ti, Pai, que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén.

Hoxe queremos continuar o noso camiño cara a Pascua da man de Xesús que respecta, perdona e axuda a erguer.

Coma Xesús, non queremos quedarnos en leis e tradicións que oprimen e non teñen en conta ás persoas.

Medremos en empatía, fuxindo de criticar e condenar á lixeira porque a nosa celebración ten que ser tamén un remendo para vivir no día a día os pasos da coresma que nos achegan á PASCUA. Por iso cada quen pode levar para a casa o REMENDO de hoxe

EMPATÍA, DIGNIDADE E IGUALDADE

(Repartimos os remendos para levalos para a casa)



Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa coresma,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

*Querendo facelo así de ben co noso remendo
podémonos ir en paz.*

Dámoslle grazas a Deus